



Para solicitar as bases ou máis información, poden dirixirse á Casa da Muller
ou no teléfono 982 297 412. Tamén, a través do correo electrónico:
casadamuller@concellodelugo.org



II CERTAME DE FOTOGRAFÍA "REVELANDO O MAGISMO"





II CERTAME DE FOTOGRAFÍA “REVELANDO O MACHISMO”

Dentro das actuacións do “II Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Lugo”, co obxecto de sensibilizar sobre o problema da violencia de xénero, o Concello de Lugo convoca o II CERTAME DE FOTOGRAFÍA “REVELANDO O MACHISMO” de acordo coas seguintes BASES:

1.- PARTICIPANTES. Todas as persoas que o desexen.

2.- PRESENTACIÓN. Os traballos serán orixinais. Deberán plasmar calquera imaxe relativa á desigualdade entre homes e mulleres, o sexismo, a violencia de xénero, etc. O tamaño das fotografías será de 20 x 30 centímetros como mínimo e 40 x 50 centímetros como máximo. Presentaranse sobre cartolina branca ou cartón ríxido de 50 x 70 centímetros, e cuxo grosor non exceda de 1,5 centímetros. Admitiranse traballos tanto en branco e negro coma en cor. O soporte de presentación das fotografías será en papel tradicional, analóxico ou químico, ademais de, no caso de ser premiados, o negativo para fotos feitas con cámara analóxica e cd se o é con cámara dixital.

Os traballos enviaranse sen remite e, baixo lema, indicando no sobre II CERTAME DE FOTOGRAFÍA “REVELANDO O MACHISMO”. Nun sobre pechado e baixo o mesmo lema, indicaranse o nome e apelidos, enderezo, idade e teléfono da autora ou do autor.

3.- NÚMERO DE TRABALLOS. Cada participante poderá presentar un máximo de tres, dos que só un poderá ser premiado.

4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN. Os traballos serán enviados á Casa da Muller, avda. da Coruña, 212 (parque da Milagrosa), 27003 Lugo, ata o día 30 de setembro de 2011.

5.- PREMIOS.

1º PREMIO. Diploma e premio dotado con 600 €.

FINALISTA. Diploma.

No caso de que a xuízo do xurado os traballos non tivesen a suficiente calidade, contéplase a posibilidade de deixar un ou varios premios desertos.

6.- XURADO. Estará integrado por:

A Concelleira de Benestar Social e Igualdade.

Unha ou un representante do Foro de Participación Cidadá en materia de Igualdade do Concello de Lugo.

Unha persoa experta en fotografía.

Unha técnica ou un técnico da Casa da Muller.

7.- RESOLUCIÓN. A resolución do xurado, que se lles comunicará con antelación ás persoas gañadoras, farase pública no mes de outubro de 2011.

8.- ENTREGA DE PREMIOS. Os premios serán entregados no transcurso dun acto que se anunciará oportunamente, coincidindo coa conmemoración do 25 de novembro: “Día Internacional contra a Violencia de Xénero”.

9.- PROPIEDAD DOS TRABALLOS. Os traballos premiados quedarán a dispor do Concello de Lugo, que poderá expoñelos ou facer o uso deles que estime conveniente.

10.- DEVOLUCIÓN DOS TRABALLOS NON PREMIADOS. Os traballos non premiados poderán ser retirados até o día 31 de decembro de 2011.

11.- ACEPTACIÓN DAS BASES. A participación no certame supón a aceptación total das súas bases e a decisión do xurado.